

## RECUPERACIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DE APTITUDE MATERNAL DAS VACAS DA RAZA RUBIA GALEGA (AC2021C-9)

O proxecto permitiu establecer unha poboación base nos rabaños do CIAM para desenvolver un programa de mellora xenética sobre a raza Rubia Galega (RG), co obxectivo de mellorar as características de aptitude maternal desta raza, xerando unha ampla base de datos con índices xenómicos dos animais. Así mesmo, estableceuse unha rede de ganderías colaboradoras de especial interese pola valoración xenética dos seus animais.

No CIAM procedeuse á inseminación da poboación seleccionada con seme de touros de interese procedentes do banco de xermoplasma de Xenética Fontao, PITELO e LINDO VII. Ao remate do proxecto xa hai 3 becerros, fillos deses touros, seleccionados de todos os nacidos por inseminación, o que permitirá introducir a súa xenética nos rabaños do CIAM.

Ao peche do estudo dispónse dunha base de datos con 613 rexistros de animais diferentes, 175 machos e 456 femias. Do total, 544 corresponden aos rabaños da Agacal e 87 a outras ganderías colaboradoras. A maior parte dos animais de alto interese foron detectados nos animais do CIAM.

Realizouse a muxidura das vacas inseminadas para medir a produción de leite e determinar que animais poderían presentar un valor superior para ese carácter.

Co leite destas vacas elaboráronse queixos tipo Arzúa-Ulloa, comparando os resultados con queixos elaborados con leite de vacas frisoas. Os resultados mostran certas características diferenciadoras dos queixos RG, como unha cor amarela máis intensa, unha textura máis consistente e maior intensidade de olor. Aínda así, as diferenzas non foron moi marcadas.

Finalmente, avalíouse o efecto da desteta e do tipo de alimentación sobre a calidade do canal e da carne de becerros machos da raza RG. Observouse que un acabado con concentrados durante só 75 días permitiu mellorar a calidade do canal e da carne respecto a becerros non destetados e alimentados exclusivamente con pasto. A calidade fisicoquímica da carne non presentou grandes diferenzas, mais a calidade da graxa, en termos de tipo de ácidos graxos beneficiosos, foi superior nos becerros acabados con pasto.